243	3120410405797	170 8	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Rúa deAbaixo. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	1.732,32 €
244	3120510397215	170 9	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Brión. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	1.209,67 €
245	3120610266428	171 0	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Laxe. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	677,10 €
246	3120610284448	171 1	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Té. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	1.270,95 €
247	3120610287337	171 2	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Burato. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	270,79 €
248	3120610287810	171 3	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Xens. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	816,17 €
249	3120610303699	171 4	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Rianxiño. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	663,50 €
250	3120610308077	171 5	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Carballeira. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	187,52 €
251	3120610333071	171 6	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Tronco. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	882,03 €
252	3120610342199	171 7	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Rial. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	896,36 €
253	3120640000358	171 8	Unión Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Rúa deAbaixo. Xuño 2012	2012.0.165.0.22100	954,37 €
					95.080,02 €

**Segundo:** Que tal recoñecemento extraxudicial de crédito sexa con cargo á aplicación orzamentaria e polo importe sinalado, por existir crédito retido con esta finalidade.

**Terceiro:** Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que correspondan, ordenándose ademais o pago destas.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 28/01/2013, sendo este favorable.

O Presidente da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular D<sup>a</sup> Vanesa Martinez Duran, di que neste punto se van a remitir ao que xa dixeron no plenos dos orzamentos, e xa se lles avisaron que os recortes eran insuficientes e irrealis e o aforro non se vai producir senon que ademais o concello vaise endeudar máis. Cando se fixo o orzamento xa se sabia das debidas con Fenosa, e sendo coñecedores das debidas ten que telas en conta e consignalas, e di que xa se sabe como se coñecen na terra de Castelaos aos que piden e non pagan. Asemade acontece con facturas do aparcamento da praia, un servizo solicitado e prestado sen cobertura económica, e así outras. O PP de Rianxo non vai ser complice das debidas non consignadas e sobre todo non pagadas.

A vicevoceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup> Sonia Castaña Eiras, di que son facturas conformadas do ano 2011 pero que chegaron no 2012, e existe crédito consignado para pagalas, pero se as facturas chegan ao concello despois do exercicio no que se corresponden enton hai que traelas ao pleno via recoñecemento extraxudicial.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que van a aprobar a propostas

O alcalde accidental interven para dicir que sobraaban as referencias que fixo a voceira do PP pero para falar neste expediente. Debese ter en conta que hai facturas que se rexeitan ata que se presentan correctas como unha de Unión Fenosa de 13.000€ e para a que habia crédito. En canto a outras facturas previamente débese verificarse que os servizos ou subministros estan prestados. Non se agacha ningunha e se segue todo o proceso ata confirmalas e pagalas. As veces son os propios provedores que non chegan a tempo pero o concello esta en tramitación para abonar os servizos recibidos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 5 membros do grupo municipal do BNG e os dos 5 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e 6 votos en contra (dos 6 membros do PP) e cero abstencións, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

## **6.- MOCIONS DE URXENCIA**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A **Presidencia pregunta se hai mocións.**

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

**6.1.- MOCION DA CORPORACIÓN RELATIVA Á SOLUCIÓN AOS AFECTADOS DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS (RXE nº 616, do 28/01/2013).-**

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente, en nome de toda a corporación, ao ser un texto consensuado comenta a proposta.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

**<<Exposición de Motivos**

A Corporación Municipal de Rianxo quere amosar a súa solidariedade cos aforradores afectados e a existencia de que recuperen o antes posible os seus aforros dos que son lexítimos propietarios.

Até o de agora vense aceptando como solución o sistema de arbitraje como unha realidade posible na procura de permitir dar solución os aforradores que foron enganados, vítimas dunha comercialización indebida. Arbitraje que aínda só deu saída a 11.000 familias, cando hai un número moito maior de afectados. Todo/as desexamos que se imprima máis rapidez, aumenten os casos atendidos e se apliquen criterios claros e transparentes da súa xestión, sexa no Instituto Galego de Consumo, sexa nas sedes bancarias.

A pesares dos acontecementos derivados do rescate ao sector financeiro español consideramos que os tenedores, aforradores que non teñen a consideración de investidores, aos que lle foron colocados nas oficinas de Caixa Galicia e Caixa Nova e doutras entidades financeiras "Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas" non poden sufrir quitas respecto ao nominal dos seus títulos.

A vista desta sotiacoón, a Corporación Municipal do Concello de Rianxo presenta esta MOCIÓN CONXUNTA E URXENTE para o seu debate e aprobación en Pleno dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galicia para apoiar as xustas reivindicacións das persoas vítimas das estagas banvarias chamadas participacións preferentes e débeda subornada e que se dirixa ante os distintos organismos e autoridades

a) que con respecto á "Ley 9/2012, de 14 de novembro, de reestructuración e resolución de entidades de crédito" en todo o concernente aos afectados polas Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas se adopten as solucións legais oportunas, para no caso das comercializacións indebidas destes produtos híbridos, eliminar as quitas e para evitar que se realicen canxes por outro tipo de produto financeiro sen liquidez a curto prazo ou poida supoñer perda no valor nominal dos títulos dos seus produtos.

b) Que se manteña, axilice e reforce o sistema de arbitraje de xieto xenérico e se dea contestación afirmativa a todos os solicitantes considerados aforradores por parte de quen corresponda: Instituto Galego de Consumo e/ou as entidades bancarias.

c) Inste ao Goberno do Estado para que o Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) inicien unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes e outros instrumentos financeiros opacos e complexos entre persoas aforradoras e investidoras minoristas, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades a que houber lugar.

2.- Instar á Federación Galega de Municipios (FEGAMP) que asuma esta moción en todos os seus termos e se lle dea traslado a todos os concellos de Galicia para a súa aprobación en Pleno.

3.- Apoiar a liña xudicial aberta polo Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sustentada nas cláusulas abusivas e na procura de que se declaren nulos os contratos para que os afectados e afectadas poidan recuperar os fondos.>>

Non hai debate

Sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que constitúen a corporación ( 5 membros do grupo municipal do BNG, os 5 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE e os 6 membros do PP) e cero abstencións, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

## **6.2- MOCION DO BNG A FAVOR DUNHA XESTIÓN ECOLÓXICA E SUSTENTABLE DO LIXO (RXE nº 544, do 24/02/2013).-**

### **A) URXENCIA DA MOCIÓN:**

O Presidente pásalle a palabra á voceira do BNG que defende a urxenica en base ao tipo de proposta e aos seus obxectivos vinculados á redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

### **B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.**

O concelleiro de Medio Ambiente Xoan Vicenzo Ces, lee a moción:

#### **<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A pesar da crise actual, en 2011 xeráronse en Galiza case 1,2 millóns de toneladas de residuos urbanos, que foron obxecto de tratamento nalgún dos tres modelos existentes no noso país: SOGAMA, NOSTIÁN e BARBANZA. Estes residuos conteñen cantidades importantes de recursos e o seu aproveitamento pode xerar moitos empregos.

Non obstante, entre os anos 2009 e 2011 caeron as porcentaxes de recollida selectiva e reciclaxe de vidro e de papel. Globalmente, a reciclaxe baixou até as 120.000 toneladas en 2011, o que supón o 10,5% do lixo xerado. Isto causa grandes perdas ecolóxicas e económicas. Mais non ten porque ser así, como vén demostrando ano tras ano o plan comarcal de reciclaxe e compostaxe da BARBANZA. Na Barbanza reciclan o 45% do lixo fronte ao 8% do ámbito SOGAMA, e xeran 10 veces máis emprego que no ámbito SOGAMA. Na recollida selectiva, reciclaxe e compostaxe, traballan na Barbanza entre 140 e 150 persoas. Traducido isto a nivel galego, teriamos uns 5.000 empregos, que doutra forma se perden na súa maioría. A implantación de proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe permitiría crear 3.000 empregos adicionais aos que ofrece o modelo incinerador de SOGAMA.

Os residuos de envases atinxen un 40% do lixo xerado, medio millón de toneladas en Galiza, dos que só se recuperan no ámbito SOGAMA o 15%. Ecoembes e a Xunta impuxeron aos concellos o modelo de recollida da bolsa e contedor amarelos para os residuos de envases. Un modelo que non está a funcionar e que permite a Ecoembes furtar aos concellos galegos a maior parte do financiamento que por lei debería achegar. Así, os concellos galegos seguen correndo cos gastos de recollida e tratamento do 85% destes residuos de envases, un custo que non lles corresponde sufragar.

Todo isto é indicativo do fracaso da actual política da Xunta de Galiza nesta cuestión, que nin resolveu os problemas de financiamento dos servizos de xestión de residuos, nin permitiu os mínimos avances ecolóxicos. A Xunta vén de modificar o plan de xestión PXRUG 2010-2011, mais non para avanzar na xestión ecolóxica do lixo e na sustentabilidade económica da mesma, senón para facilitar a instalación dunha nova incineradora en Cerceda, unha vez abortado o seu proxecto para O Irixo, a que ten previsto financiar con 218 millóns de euros. Mais custos para os concellos e menos empregos.

Neste contexto, está en tramitación una Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) co obxectivo de promulgar unha lei “para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza”. Na situación descrita, a instalación dunha nova incineradora é incompatíbel co obxectivo de redución do 10% e reutilización e reciclado do 50% dos residuos domésticos que fixa a normativa legal en vigor. E hoxe máis que nunca debe terse en conta que a incineración preséntase como a alternativa máis custosa, pero a que menos emprego permite crear (entre 5 e 10 veces menos que a reciclaxe e compostaxe).

Que a Xunta de Galiza abandone a idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos no noso país e que destine os fondos previstos a financiar proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe;

ou que o Goberno galego financie prioritariamente actuacións de recollida selectiva, acompañado de educación ambiental e implantación da compostaxe doméstica e comunitaria, contribuirá a que Galiza incremente a reciclaxe en máis de 300.000 toneladas, evitará unha nova planta centralizada de residuos e acadará até 3.000 empregos novos., distribuídos de forma xusta e solidaria.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Manifestar o apoio á tramitación da “proposición de lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza”, actualmente en tramitación.
2. Solicitar o abandono por parte da Xunta da idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos en Galiza.
3. Solicitar que a Xunta destine os fondos previstos para a incineradora ao financiamento de proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que permitan a creación de emprego nas diferentes localidades e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe das sociedades avanzadas.
4. Solicitar da Xunta de Galiza o financiamento prioritario das actuacións de mellora da recollida selectiva, incluíndo alí onde sexa axeitada a recollida porta a porta, e das actuacións de prevención a través da educación ambiental e a implantación da compostaxe doméstica e comunitaria.
5. Destinar parte do orzamento municipal para Implantar programas de educación ambiental para a redución de residuos e xestionar os residuos orgánicos mediante a compostaxe caseira e comunitaria>>

Xoan Vicenzo Ces di que quere sinalar a retirada do apartado 5º xa que o concello xa está adoptando medidas como a de recollida de aceite, compostaxe, etc.

A voceira do grupo municipal Partido Popular Dª Vanesa Martínez Duran, di que van a votar en contra.

A vicevoceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Dª Sonia Castaño Eiras, manifesta o apoio do grupo, e quere resaltar que xa o goberno anterior puxera en marcha medidas de compostaxe e reciclaxe.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dª. Adelina Ces Quintáns, di que van a aprobar a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 5 membros do grupo municipal do BNG e os dos 5 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e 6 votos en contra (dos 6 membros do PP) e cero abstencións, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos seguintes:

1. Manifestar o apoio á tramitación da “proposición de lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza”, actualmente en tramitación.
2. Solicitar o abandono por parte da Xunta da idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos en Galiza.
3. Solicitar que a Xunta destine os fondos previstos para a incineradora ao financiamento de proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que permitan a creación de emprego nas

diferentes localidades e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe das sociedades avanzadas.

4. Solicitar da Xunta de Galiza o financiamento prioritario das actuacións de mellora da recollida selectiva, incluíndo alí onde sexa axeitada a recollida porta a porta, e das actuacións de prevención a través da educación ambiental e a implantación da compostaxe doméstica e comunitaria.

### **6.3- MOCION DO BNG EN DEFENSA DO SERVIZO DE SALVAMENTO MARÍTIMO DA XUNTA DE GALIZA E DOS SEGUROS POR MAL TEMPO OU ACCIDENTES NO MAR (RXE nº 371, do 17/01/2013).-**

#### **A) URXENCIA DA MOCIÓN:**

O Presidente pásalle a palabra á voceira do BNG que xustifica a urxencia nas consecuencias irremediabes que conleva a falta de seguranza marítima.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

#### **B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.**

Adelina Ces Quintáns lee a moción:

#### **<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sector pesqueiro galego é o que padece a maior taxa de sinistralidade de todo o Estado español. Aínda que representa, en canto á súa dimensión, apenas o 50% do do conxunto do Estado, sofre porén o 80% de sinistralidade mortal por razón de afogamento ou hipotermia. É este o contexto no que se está a producir un proceso de irresponsábel degradación, privatización e precarización do servizo de salvamento marítimo que opera na Galiza, e que xa ten provocado consecuencias irreparábeis.

Así, a traxedia de Mercedes Veiga Mosteiro, percebeira de Oia que perdía a súa vida o pasado 12 de decembro de 2012, mentres desenvolvía o seu traballo, puña en evidencia o retraso na actuación do helicóptero "Pesca I" (adscrito ao Servizo de Gardacostas de Galiza, do Goberno galego, con base en Vigo), vulnerando o establecido no contrato que vincula á Xunta de Galiza coa empresa INAER Helicópteros Off Shore, S.A.U., en relación cos tempos de resposta. O resultado final foi o xa coñecido. Previamente, o 14 de novembro, o helicóptero "Pesca II" (este último con base en Celeiro), sufría un intolerábel retraso que impediu o rescate, fronte ás costas de Burela, do mariñeiro Francisco Berrocal, tripulante do pesqueiro "Regino Jesús". Aínda que foi outro helicóptero, dende A Coruña, o que chegou ao lugar do sinistro, non foi posíbel salvar a vida deste traballador do mar.

Lamentablemente, en moi curto espazo de tempo, son varias as decisións do Goberno galego que viñeron a degradar, aínda en maior medida, os niveis de seguranza marítima existentes no litoral galego. Algúns exemplos:

- Agora cóbrase (Decreto 130/2012) polas actuacións de salvamento marítimo que realicen helicópteros, embarcacións, vehículos e persoal do Servizo de Gardacostas de Galiza. O salvamento e vidas humanas no mar pasa así a se converter nun mero negocio. Estabelécense tarifas de cobro para os buques pesqueiros que precisen de asistencia, aínda en risco de afundimento.
- Eliminación do "Seguro Colectivo de Accidentes no Mar", con cobertura automática a todas e todos os profesionais do mar (tripulantes –galegos, galegas ou de calquera nacionalidade embarcados en buques galegos-, persoal de bateas, percebeiras e percebeiros, mergulladores, mergulladoras, mariscadores a frote, mariscadoras a pé, membros da Cruz Vermella do Mar, etc.) que sufriran algún percance ou mesmo a morte.



- Venda á empresa privada INAER dos helicópteros de salvamento marítimo "Pesca I" e "Pesca II", de titularidade pública galega e recente adquisición, por un prezo que duplica o da súa venda. Sistemáticos retrasos -ademais dos xa indicados- sen que conste ningunha penalización á empresa adxudicataria, en numerosos operativos de salvamento marítimo.
- Matriculación nas Illas Canarias (2º Rexistro) dos dous buques maiores do Servizo de Gardacostas de Galiza: o "Sebastián Ocampo" e o "Irmáns García Nodal" (tamén de titularidade pública, mais xestionados pola empresa privada REMOLCANOSA) a fin de acceder a avataxes fiscais e posibilitar a degradación e desregularización das súas tripulacións.
- Eliminación no ano 2012, por vez primeira, do buque de apoio e asistencia sanitaria á frota pesqueira que acude á campaña do bonito no Océano Atlántico (por certo, non no caso da campaña do atún no Mar Mediterráneo).
- Supresión do "Seguro de mal tempo", de carácter voluntario, que evitaba perdas económicas por non saír ao mar de se produciren determinadas condicións económicas que dificultaran o exercicio da actividade pesqueira, marisqueira ou percebeira.

Esta situación reviste unha extraordinaria gravidade. Estamos a falar de vidas humanas, e estas decisións incrementan os índices de risco até uns niveis absolutamente intolerábeis. Lamentablemente non é posíbel devolver as vidas perdidas, mais si que estas traxedias servan para, ademais de deitar luz sobre o acontecido e depurar as responsabilidades que se deriven destes feitos, adoptar as medidas correctoras que eviten no futuro a reprodución de feitos desta natureza. Non se trata de aforro, senón de privatización e de obtención de beneficios económicos por parte de empresas privadas. O salvamento dunha vida humana debe ter a consideración de servizo público gratuíto, nunca de negocio empresarial.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

##### 1. Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Derogar o Decreto 130/2012, do 31 de maio, para establecer, daquela, o carácter gratuíto e universal das operacións de salvamento marítimo que realicen unidades do Servizo de Gardacostas de Galiza.
- b) Rescatar a venda dos helicópteros de salvamento marítimo "Pesca I" e "Pesca II", devolvéndooos á súa titularidade pública galega, e garantindo o cumprimento dos tempos de resposta establecidos (máximo de dez minutos) as 24 horas dos 365 días do ano, a través do sistema de gardas presenciais na base, coas tripulacións precisas para o cumprimento deste cometido legal.
- c) Recuperar o "Seguro Colectivo de Accidentes no Mar" e o "Seguro do mal tempo".
- d) Garantir o envío dun buque de apoio loxístico e asistencia sanitaria á frota pesqueira que se desprazará á vindeira campaña do bonito do 2013.

2.- Trasladar o presente acordo ao Parlamento de Galiza, grupos parlamentares e ás entidades do sector pesqueiro que operen no noso concello.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular D<sup>a</sup> Vanesa Martínez Durán, di que se van a abster porque non queren politizar coa morte de ninguén.

A vicevoceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup> Sonia Castaño Eiras, expresa o apoio á moción.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que van a aprobar a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 5 membros do grupo municipal do BNG e os dos 5 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e 6 abstencións (dos 6 membros do PP) e cero votos en contra, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

A concelleira Ana Eitor Vidal abandona o salón de plenos ás 20:47h.

#### **6.4- MOCION DO PSdeG-PSOE RELATIVA AOS FONDOS DO PLAN CONCERTADO E O PROGRAMA DE TELEASISTENCIA (RXE nº 617, do 28/01/2013).-**

##### **A) URXENCIA DA MOCIÓN:**

O Presidente pásalle a palabra ao concelleiro de Deportes e Saúde, Joaquin Dominguez Salgado que xustifica a urxencia nos recortes que se están a adoptar polo Ministerio e a súa incidencia.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

##### **B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.**

O concelleiro de Saúde lee a moción:

###### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O risco de exclusión social é cada día maior no noso país. O aumento do desemprego provocou un aumento do número de fogares sen ningún tipo de ingresos. A este proceso hai que engadir a consolidación da redución e o esgotamento das axudas de protección social, como a prestación por desemprego ou as rendas mínimas de inserción.

Efectivamente, a día de hoxe, os fogares españois con todos os seus membros en paro son 1.737.600. Xa hai un millón e medio de parados que non cobran prestación; e hai máis de 300 desafuzamentos diarios. Un 21% da poboación en España vive por baixo do limiar de pobreza (INE 2012) e a infancia converteuse no colectivo máis afectado pola pobreza no noso país (2 millóns de nenos viven nesta situación).

Sen dúbida, a crise e os recortes están a afectar gravemente á cohesión social. A pobreza esténdese alcanzando tamén a clases medias súbitamente empobrecidas; intensifícase poque hai máis pobres, e estes teñen menos que antes. E o peor é que ao non producirse ningún indicio de mellora esta situación está a facerse crónica.

A pesar desta dramática situación, o PP non só non foi capaz de articular unha resposta senón todo o contrario, desde o mesmo momento en que tomaron posesión, o Goberno de Rajoy puxo en marcha unha política descontrolada de recortes e axustes que está a provocar o desmantelamento dos servizos públicos básicos, agravando aínda máis a situación de moitos cidadáns.

Así, os fondos para programas que xestiona o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para menores infractores e para menores en situación de dificultade social e malos tratos (2 millóns), o Plan de Acción para persoas con Discapacidade (1,3 millóns) e os fondos para a Teleasistencia (30 millóns) suprimíronse directamente dos Orzamentos Xerais do Estado. Outros programas, como o Plan Concertado, sufriron recortes brutais: 30 millóns de euros para 2013, o que supón unha diminución do 40% respecto de 2012 (entón destináronse ao redor de 50 millóns), e do 65% respecto do último orzamento do Goberno socialista (2011).

O Plan Concertado é un instrumento estatal fundamental para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais. Co fin de manter e desenvolver unha Rede de Servizos Sociais de atención primaria, xestionada polas corporacións locais, así como apoialas tanto no desenvolvemento das competencias que lle son atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local como as respectivas leis autonómicas de servizos sociais, o Estado cofinancia proxectos que teñen os seguintes obxectivos:

1. Proporcionar á cidadanía servizos sociais adecuados que permitan a cobertura das súas necesidades básicas.
2. Dotar de apoio económico e asistencia técnica ás corporacións locais para o desenvolvemento das súas competencias.
3. Consolidar e ampliar a rede básica de servizos sociais municipais, para desenvolver as prestacións de servizos sociais de atención primaria, entre as que se atopan a axuda a domicilio e a

teleasistencia, previstas no catálogo de servizos da "lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia".

Nos últimos días, coñecemos a través dos medios de comunicación que o goberno central decidiu retirar do todo a súa achega para financiar os servizos sociais dos concellos. Trátase dunha decisión que pón en perigo o futuro dos servizos sociais municipais no momento en que as familias necesitan máis axuda, cando houbo un aumento \*grandísimo da demanda, un aumento da pobreza e dispáranse problemas sociais como os desafuzamentos (as peticións de axuda por emerxencia social incrementáronse un 200%). Xusto neste momento, o Goberno de Rajoy abandona o Plan e deixa nunha situación moi difícil a administracións locais e autonómicas para soste- estes servizos básicos cando ademais se lles prohibiu endebedarse para cumprir o obxectivo de déficit.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo somete a votación a seguinte MOCIÓN para ser aprobada:

1. O Pleno da Corporación mostra o seu rexeitamento aos recortes realizados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para sufragar a rede de Servizos Sociais Comunitarios no Orzamento de 2012 e de Orzamento de 2013.
2. Instar ao Goberno de España e manter e soste- un sistema público de servizos sociais de nivel primario que permita atender a toda a cidadanía e dar resposta á esixencia da Constitución Española de garantir unha serie de dereitos sociais e, por tanto, o exercicio da igualdade de oportunidades.
3. Esixir ao Goberno de España que repoña os fondos do Plan Concertado e do programa de Teleasistencia, como mínimo aos niveis de 2011, ademais dun compromiso financeiro estable para garantir a viabilidade dos servizos sociais básicos.
4. Dar traslado dos presentes acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, aos Presidentes das Comunidades Autónomas, aos/\*as representantes dos axentes sociais e á Federación Española de Municipios e Provincias.>>

O concelleiro engade que, igual que o concelleiro Ricardo Besada, foi coñecedor dos inicios e beneficios do desenvolvemento da lei de 1985 aprobada con Felipe Gonzalez, deixando atrás o sistema franquista baseado unicamente na caridade cristiana - contra a que non ten nada que reprochar-, e se adoptou un cambio na concepción destes servizos. Este sistema se mantivo nos dous mandatos do Sr.Aznar, pero como calquera norma se non vai acompañada da suficiente dotación orzamentaria é papel mollado, e os orzamentos estatal e autonómico ao respecto sufriron un gran retroceso.

Continúa dando o importe das cuantías da dotación municipal para este fin, afectado pola redución orzamentaria que se vive a nivel nacional. A redución dun 50% da previsión orzamentaria supón que o concello se vexa afogado para afrontar estes servizos. Así , por exemplo, para drogodependencias a aportación da Xunta de Galicia é de cero euros. Afirmo que a diminución do orzamento estatal e da Comunidad Autónoma ronda o 68,30% nos tres últimos anos.

A voceira do grupo municipal Partido Popular D<sup>a</sup> Vanesa Martinez Duran, formula unha emenda que de ser aceptada apoiarian a moción. A emenda afecta unicamente ao primeiro punto de xeito que en lugar do recollido na moción diga:

<<1. Instar a que todas as administracións competentes nesta materia continúen amosando o seu compromiso e apoio cara a traballar co obxectivo de que as políticas sociais e asistenciais estean garantidas a pesar do contexto económico e financeiro actual.>>

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, presenta asemade unha emenda á moción nos seguintes termos:

- <<1. O Pleno da Corporación municipal rexeita os recortes realizados polo Goberno do Estado e Xunta de Galiza para sufragar a rede de Xervizos Comunitarios nos orzamento de 2012 e 2013.
2. Instar á Xunta de Galiza e goberno do Estado ao mantemento e sostén dun servizo público de servizos sociais que permita atender a toda a cidadanía, garantindo os dereitos sociais e o exercicio da igualdade de oportunidades, como dereito constitucional.

3. Instar á Xunta de Galiza e Goberno do Estado a reposición dos fondos do Plan Concertado e do Programa de Teleasistencia, como mínimo nos niveis de 2011, e un compromiso financeiro estábel para garantir a viabilidade dos servizos sociais básicos.
4. Instar á Xunta de Galiza a que xunto coas Deputacións constitúan unha bolsa común para os concellos de menos de 20.000 habitantes e que todos os trámites se realicen a través da Consellaría correspondente, incorporando por parte das Deputacións e a Xunta de Galiza os 2 millóns de euros recortados polo Estado ao Plan Concertado.
5. Instar á Xunta de Galiza a que amplíe a asistencia a domicilio básica dos concellos para poder atender a outras persoas dependentes fóra das consideradas oficiais, restablecendo as horas de atención e a dotación económica.
6. Dar traslado desta acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado, Presidente da FEGAMP e portavoz dos grupos parlamentarios do Parlamento galego.>>

O Presidente di que estan de acordo en aceptar a emenda formulada polo PP ao primeiro punto, así como a sinalada polo BNG. Ademais estima que o quid da cuestión, a orixe está no recorte do goberno estatal, xa que ao recortar o Estado reduce tamén a Xunta de Galicia.

A vicevoceira do BNG, Adelina Ces, expresa o seu desacordo, se llo permiten, xa que porque recorte o Estado non o ten que facer a Comunidade Autónoma, e de feito a voceira do PP vai apoiar a moción.

O Presidente di que é certo e que en calquera caso as mais afectadas son as entidades locais posto que teñen que afrontar os gastos a pesar de ese cambio drástico no plan concertado.

Sométese a **VOTACIÓN**, e por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que constitúen a corporación ( 5 membros do grupo municipal do BNG, os 5 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE e os 5 membros do PP) e cero abstencións, resulta **APROBADA** nos seguintes termos:

1. Instar a que todas as administracións competentes nesta materia continúen amosando o seu compromiso e apoio cara a traballar co obxectivo de que as políticas sociais e asistenciais estean garantidas a pesar do contexto económico e financeiro actual.
2. Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a manter e soste un sistema público de servizos sociais de nivel primario que permita atender a toda a cidadanía e dar resposta á esixencia da Constitución Española de garantir unha serie de dereitos sociais e, por tanto, o exercicio da igualdade de oportunidades.
3. Esixir ao Goberno de España e á Xunta de Galicia que repaña os fondos do Plan Concertado e do programa de Teleasistencia, como mínimo aos niveis de 2011, ademais dun compromiso financeiro estable para garantir a viabilidade dos servizos sociais básicos.
4. Instar á Xunta de Galiza a que xunto coas Deputacións constitúan unha bolsa común para os concellos de menos de 20.000 habitantes e que todos os trámites se realicen a través da Consellaría correspondente, incorporando por parte das Deputacións e a Xunta de Galiza os 2 millóns de euros recortados polo Estado ao Plan Concertado.
5. Instar á Xunta de Galiza a que amplíe a asistencia a domicilio básica dos concellos para poder atender a outras persoas dependentes fóra das consideradas oficiais, restablecendo as horas de atención e a dotación económica.
6. Dar traslado do presentes acordo ao Presidente do Goberno, ao Presidente da Xunta de Galicia, aos Presidentes das Comunidades Autónomas, aos/\*as representantes dos axentes sociais e á Federación Española de Municipios e Provincias **ASÍ** como á FEGAMP, e aos voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

## **7. ROGOS E PREGUNTAS**

O Alcalde accidental diríxese aos concelleiros por si queren formular algún rogo ou pregunta mais non se fan.

Ricardo Besada Gesto formula ROGO de que se retire o arbol caído na estrada que vai de Monte Grande ao campo de fútbol de Vilas xa que leva alí 15 días e impide o paso.

O concelleiro de Obras, Constantino Castaño, di que xa se retirou.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:08 minutos, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PÚBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21: 20 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Presidente (alcalde accidental)**

**A Secretaria**

**José Carlos Gey Hermo**

**Carolina Costoya Pardo**